

SESIÓN EXTRAORDINARIA DE 16 XANEIRO DE 2019

Na Casa Consistorial de Outeiro de Rei, ás 13:50 minutos do día 16 de xaneiro de 2019 baixo a Presidencia do Sr. Alcalde, D. José Pardo Lombao, e asistencia do Secretario, D. José María Vázquez Pita, reuníronse os Srs. Concelleiros, D. José Yebra Amorín; D^a María Begoña Seco Varela, D^a Tania Díaz Seijas Dona D^a Pilar Méndez Lombao; D. Jesús Fernández García; D. Antonio López Pérez, D^a María José Martínez Vigo; D. Xabier Molinos Campos, D. Xosé Ferreiro Fernández; D^a Luisa Meilán Lombao; D^a Magdalena Ron Villar e D^a Juana Romero García e, co obxecto de celebrar a presente sesión extraordinaria solicitada por unha cuarta parte dos membros da corporación ao abeiro do disposto no artigo 46.2.a da Lei 7/1985, de 2 de abril.

O Alcalde afirma que non comprende que, para falar dos asuntos incluídos na orde do día a instancias dos concelleiros da oposición, deba realizarse unha sesión extraordinaria, cando estes asuntos non son urxentes (senón que leva anos falándose deles) e celebramos unha sesión ordinaria fai uns días onde os concelleiros asinantes da solicitude de celebración da presente sesión os puideron incluír coma mocións.

A continuación, inicia o debate dos seguintes asuntos incluídos na orde do día:

1.- Proposta do BNG para que se proceda á eliminación da regulación urbanística da vila de Outeiro de Rei dos carrís de servizo ao longo da N-VI

O voceiro do grupo municipal do BNG expresa a tristura que lle produce ter que chegar a solicitar un pleno extraordinario para tratar uns asuntos que estaban preparados para a súa presentación coma mocións no último pleno ordinario pero que, debido a que o Alcalde convocou a sesión plenaria con moita antelación daquela coa que adoita a facelo, os concelleiros da oposición non presentaran todavía as mocións. Asemade, expresa a súa convicción de que o Alcalde o fixo coa intención clara de evitar que rexistrasen mocións para o Pleno e, de este xeito, evitar que determinados debates incómodos podan chegar á cidadanía.

Por tal motivo, este Pleno convocouse porque o Alcalde non lles deixou máis opción.

De seguido, o voceiro inicia a defensa da súa moción, afirmando que a línea límite de edificación establecida actualmente nas NNSS de planeamento (28 metros), son totalmente improcedentes por moitos motivos, tales coma o feito de que afectan a moitas edificacións existentes que quedan avocadas a súa desaparición, como polo feito de que reducen del tal forma algunhas parcelas que éstas quedan reducidas á “macetas” privándoas de todo uso racional. Asemade, a fanxa é de tal largura (28 metros da cada lado da estrada), que fragmenta totalmente a vila de Outeiro de Rei, desvertebrando urbanísticamente o territorio.

Non discute que, cando se formulou o planemento, que foi fai moitísimos anos e antes da construción da autoestrada, fose necesario o espazo previsto, pero a día de

hoxe a construción de vías de servizo con un total de 56 metros de largura non ten razón de ser en consideración á natureza e intensidade do tráfico actualmente existente.

Por tal motivo, propoñen que se elimine o proxecto de vías de servizo na N-VI e que se solicite ao Ministerio a súa transferencia ao Concello de Outeiro de Rei debidamente urbanizada.

Finalmente, non pode tolerarse nin un día máis por evidentes razóns de seguridade a situación actual carente de todo punto de cruce para os peóns, na que os veciños teñen que cruzar até catro carrís sen pasos de peóns nin semáforos, poñendo en risco certo a súa integridade física e infrinxindo a normativa de tráfico.

Polo exposto, propón a adopción do seguinte acordo:

- “O Concello de Outeiro de Rei procederá a modificar a lexislación urbanística vixente para eliminar o proxecto de vías de servizo nas dúas marxes da N-VI ao seu paso polo Concello de Outeiro de Rei.
- O Pleno de Outeiro de Rei diríxese ao Ministerio de Fomento para que dunha forma urxente proceda a arranxar o firme da N-VI ao seu paso polo concello de Outeiro de Rei.
- O Pleno de Outeiro de Rei insta ao Ministerio de Fomento para que, de unha forma urxente, proceda a transferir ao concello a titularidade da N-VI no tramo que atravesa a vila de Outeiro de Rei, unha vez urbanizada (firme, beirarrúas, aparcadoiros, etc..) e dotada de todas as medidas de seguridade necesarias tanto para os peóns coma para os vehículos nas incorporacións ás vías laterais (rotondas, pasos de peóns, semáforos, sináis ou todo o que sexa necesario para acadar ese obxectivo)”:

O que se pide non é nada estraño, é o que teñen tódolos núcleos polos que discurre a N-VI na provincia de Lugo, coma Guitiriz, Begonte, Rábade, Becerreá ou Baralla, por poñer un exemplo e que, polo urbanismo de Outeiro de Rei, poderíanse implantar incluso con anchuras superiores ás normais.

En relación á proposta de emenda que presenta o grupo municipal popular, manifesta a súa conformidade coa proposta de execución da rotonda así coma que amañe o firme da estrada, e recorda que fai pouco aconteceu un accidente de tráfico no que o atestado indicaba coma causa do accidente o deficiente estado da estrada, que é lamentable.

Nembargantes, o punto segundo, relativo ao estudo presentado en maio do ano pasado ao Ministerio de Fomento, non o poden apoiar xa que descoñecen de qué estudo se trata e descoñecen si en ese estudo se desvotan as vías de servizo.

Por tal motivo, non poden aceptar a emenda.

A voceira do grupo municipal do PSdG-PSOE manifesta o seu apoio á proposta presentada polo BNG, e recorda a necesidade de formular un Plan Xeral.

Tamén recorda que o Concello está paralizado na tramitación do expediente de delimitación en polígonos, onde ten máis de sesenta alegacións pendentes de contestar despois de varios anos.

Recorda a necesidade que ten esta vila de humanizar a N-VI ao seu paso pola vila de Outeiro de Rei, o que permitiría o seu desenvolvemento urbanístico e económico. Asemade, faltan infraestructuras que mitiguen os riscos dos peóns e eviten a fragmentación da vila en dous Outeiros.

Como descoñece o estudo ao que fai referencia o PP, non pode aceptar a emenda.

A voceira do grupo municipal de Foro Lugo Independiente expresa a súa sintonía coa moción, e que é un sentir entre os veciños da vila a súa preocupación pola execución do proxecto que prevé as vías de servizo.

Parécelle lamentable que, tras vinte e catro anos gobernando o concello, non acadara que o Ministerio implantase as medidas básicas de seguridade para os peóns no cruce da N-VI.

O que ten que facer é instar ao Ministerio de Fomento para que urbanice o entorno da N-VI sen custe para o concello ou os veciños ou veciñas e sen ningún tipo de perxuízo para os veciños ou veciñas de este concello.

Finalmente, solicitan que se lles informe do contido do estudo remitido ao Ministerio de Fomento no ano 2018 e do que non se informou á oposición.

O Alcalde afirma que aos concelleiros da oposición lles gusta non dicir a verdade, co gallo de crear confusión. Xa o intentou o BNG antes das eleccións e non acadou nada (os veciños xa poden ver que ninguén lles tirou as casas).

Os concelleiros da oposición minten porque as NNSS non prevé en ningún sitio que se teñen que facer vías de servizo, o que prevé as NNSS é unha distancia a ambos lados da estrada porque así o esixiu no seu momento o Ministerio, e logo xa se verá o que se pode facer neste espazo, sempre que o autorice o Ministerio.

Por tal motivo, xa no ano 2017 solicitouse ao Ministerio de Fomento a construción de unha rotonda. Nos orzamentos do ano 2018 co goberno do PP consignouse unha partida orzamentaria para a súa construción e, a día de hoxe e trala moción de censura e o goberno do PSdG-PSOE non se iniciaron as actuacións para a súa execución.

Espera que o estudo presentado ante o Ministerio se convirta nun proxecto e se poida levar a cabo. E este estudo prevé un carril de servizo, un aparcadoiro de unhas aceras. E esta solución respeta tódalas casas salvo unha: a que se atopa en estado de ruína na marxe dereita vindo dende Rábade.

Este estudo non é senón unha proposta a fin de que o Ministerio ten que facer súa redactando o correspondente proxecto.

O que é o colmo é que se solicite que o Concello se quede coa estrada N-VI, xa que co tempo se deteriorará polo tráfico de varios miles de vehículos que soporta diariamente, e o Concello tería que facerse cargo da súa conservación.

Por tal motivo, o grupo municipal do PP presenta unha emenda do seguinte teor literal:

“EMENDA Á PROPOSTA DO BNG PARA QUE SE PROCEDA Á ELIMINACIÓN DA REGULACIÓN URBANÍSTICA DA VILA DE OUTEIRO DE REI DOS CARRÍS DE SERVIZO AO LONGO DA N-VI

D. José Pardo Lombao, en calidade de vogal do grupo municipal do PP, á vista da proposta presentada polo grupo municipal do BNG para que se proceda á eliminación da regulación urbanística da vila de Outeiro de Rei dos carrís de servizo ao longo da N-VI, propón ao Pleno da Corporación que o acordo proposto polo BNG sexa substituído polo seguinte:

“Que o Concello de Outeiro de Rei esixa ao Ministerio de Fomento que execute inmediatamente e proxecto da rotonda no cruzamento da N-VI coa LU-115, orzado no ano 2018 debido ao perigo deste cruzamento e a súa conveniencia para a regulación da confluencia do tráfico interurbano de ambas estradas co tráfico urbano da Vila de Outeiro de Rei.

O Concello de Outeiro de Rei pide ao Ministerio de Fomento que elabore un proxecto de estudo presentado en maio de 2018 por este Concello ante a Dirección Xeral de Estradas para a urbanización do tramo urbano da estrada N-VI ao seu paso polo núcleo de Outeiro de Rei.

O Concello de Outeiro de Rei esixee ao Ministerio de Fomento a inmediata reparación –de forma segura para o tráfico rodado- do tramo da N-VI ao seu paso por Outeiro de Rei, debido a que a día de hoxe atópase nun estado de deterioración tal que implica un perigo grave e certo para a seguridade viaria”

Por tal motivo, os 100.000 que se prevén nos proxectos de orzamentos formulados polo Goberno do PSOE non son suficientes para afrontar as obras necesarias, e reducen moi sustancialmente a partida prevista nos orzamentos xerais do Estado para o ano 2018 formulado polo Goberno do PP.

Recórdalles ao concelleiros da oposición que o Concello pode presentar o que queira, pero o Ministerio aceptará o que estime oportuno. Por tal motivo, o estudo presentado polo concello fíxose en consontes cos técnicos do Ministerio.

O que non é unha petición senón unha esixencia, é o último punto relativo á rexeneración da N-VI, xa que o estado actual é totalmente intolerable.

Claro que os cartos que tiñan que adicarse a Outeiro irán todos para Cataluña, e lamenta que en vez de apoiar esta proposta, os concelleiros da oposición estean de acordo cos que deron un golpe de Estado fai uns días, algún dos cales están na cárcel ou fugados. E mentres, a N-VI feita un desastre.

Hai que ter unha cara ben dura para apoiar a ese Goberno.

Finalmente, informa que en nada ten que ver o proxecto de delimitación en polígonos do solo urbano non consolidado co modelo de urbanización da N-VI. Eso si, si o Ministerio afrontase o estudo de urbanización da N-VI, os custes de urbanización do solo urbano non consolidado se reduciría sustancialmente en beneficio dos veciños.

Repíte unha vez máis que o proxecto de delimitación en polígonos formulouse por mandato legal e soamente ten a finalidade de que, aqueles propietarios que queren

edificar nas súas fincas, poidan facelo unha vez que cumpran coa súa obriga de urbanizar. E recorda que, coa lexislación urbanística actual non se pode edificar en suelo urbano non consolidado se non se delimitan previamente os polígonos e non se cumpren coas obrigas de urbanización.

O voceiro do BNG celebra que logo de vinte anos gobernando lle entren as presas para a urbanización da N-VI, e recórdalle que o BNG presentou varias mocións neste sentido nesta lexislatura e os concelleiros do PP ergueron a man para votar en contra. Coma agora hai eleccións ao PP éntalle as presas.

Informa que, no Parlamento do Estado para o ano 2019, en Marea presentou unha emenda para que se incluíse a urbanización da N-VI e o PP presentou outra para que se dotaran de vías de servizo (mes de novembro de 2018).

Tamén lles pide que se poñan de acordo, xa que a arquitecta municipal lle informou que se preveían vías de servizo e que afectaban algunha casa.

E non se tiran as casas xa que non se aprobou a delimitación dos polígonos. Pero a ameaza está alí. Lamentablemente o seu valor está degradándose. Esperemos que non veña detrás un promotor para mercalas a prezo de saldo e logo cambie a normativa municipal. Haberá que seguer os movementos de propiedade neste eido.

Propón que o Alcalde afirme rotundamente que quedan anuladas todas as vías de servizo da N-VI en Outeiro de Rei, e poderanse poñer de acordo. Si realmente non ten a intención de construír as vías de servizo e tirar as casas, non terá inconvinte algún en afirmalo e votar a moción.

O Alcalde repite que o Concello presentou un estudo a finais de 2017 ante o Ministerio, e que os Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2018 formulados polo Partido Popular recolleron unha partida orzamentaria para executar as obras.

Trala moción de censura e a entrada no Goberno do PSOE, o proxecto quedou no abandono e, a día de hoxe, non hai nada feito nin en marcha.

A previsión dos 28 metros a cada lado da N-VI foi unha imposición do Ministerio cando se formularon as NNSS aló polo ano 1992.

Finalmente, o PSOE co respaldo do BNG gobernou en Madrid bastantes máis anos que o PP e sen que fixeran nada, e agora lle entran as prisas por urbanizar a N-VI.

Esa é a realidade e o que se afirma na moción é demagogia e pretender enganar aos veciños.

A voceira do PSOE afirma que descoñece qué se prevé no estudo presentado ante o Ministerio de Fomento e, polo tanto, non se pode aceptar.

O Alcalde respóstalle que xa se lle explicou pormenorizadamente qué prevé o estudo, que é un carril de servizo por onde vai o arcén, así coma unha beirarrúa de 2,50 ms. e un aparcadoiro de 2,50 ms. E que non se tirará ningunha casa salvo a que está en ruína. Así que eso non é unha excusa.

A voceira do PSOE considera que o PP está a facer da moción do BNG nunha pedra a tirar ao Goberno do Estado, e preguntalle porqué non pediu estas obras cando

estaba a gobernar o PP, e non se refire ao ano 2017, senón nos anos anteriores nos que xa existía o problema.

A voceira de FLI pide que se atinxa á moción e que deixe de lado ao Goberno do Estado coma excusa. E lamenta que ao longo de todos estes anos se deixara de lado un problema tan grave coma este namentres se gastaban os cartos en proxectos coma o circuíto de cars e cos que se podería haber solucionado este problema.

O Alcalde afirma que ao longo de estos vinte e catro anos este equipo de goberno non deixou de traballar, e o resultado é un concello cun nivel de servizos comparable a calquer outro, incluída a capital da Provincia. Un concello que nos últimos anos medrou un 20% cando os outros van a menos. E claro que non se resolveron todos os problemas, pero non se resolverán nesta nin na seguinte lexislatura aínda que non se deixe de traballar a reo.

Rematado o debate, o Alcalde pregunta ao voceiro do BNG se acepta a emenda.

O voceiro do BNG rexeita a emenda presentada polo grupo municipal do PP.

A continuación, sométese a votación a moción presentada polo grupo municipal do BNG.

Realizada a votación, a moción resulta rexeitada con cinco votos a favor e oito votos e contra, pertencentes aos concelleiros do grupo municipal do PP.

2.- Proposta de FLI para que o Pleno de Outeiro de Rei proceda a elaboración dun regulamento orgánico de funcionamento do citado Pleno

Iníciase o debate coa defensa, pola voceira de FLI da seguinte moción:

“DOÑA MARÍA MAGDALENA RON VILLAR y DOÑA JUANA ROMERO GARCÍA portavoz y viceportavoz de (FLI) en esa Corporación Municipal, de acordo con el presente escrito, presentan la siguiente moción:

EXPOSICIÓN MOTIVOS:

Desde que este partido político forma parte de la oposición en esta corporación Municipal, está viviendo como se nos está limitando a los distintos Grupos Políticos que formamos parte de la misma, la posibilidad de ejercer nuestra labor de control político necesario para promover el debate que es consustancial al pluralismo, y lo que es más importante esta indebida limitación o imposibilitación en el desempeño de nuestras funciones de control y representación política. Vulnerando los derechos fundamentales recogidos en el artículo 23 de nuestra Constitución.

Los distintos Grupos Políticos que formamos parte de la oposición somos testigos de las numerosas trabas llevadas a cabo por parte del Sr. Alcalde tanto a nivel legal como ético y moral intentando acallar nuestras propuestas y reivindicaciones de diferentes modos y maneras; Convertir mociones en ruegos, convocatorias de las comisiones y plenos en cuanto a los plazos legalmente establecidos, la falta de convocatoria de Plenos ordinarios (Peno de agosto de 2016 que

no se celebró en septiembre de ese mismo año o el del mes de abril del año 2017). En el propio desarrollo de las comisiones informativas y sesiones plenarios, en cuanto a los tiempos y orden de intervención de los distintos Grupos Políticos, manejados siempre de una manera totalmente arbitraria y nada equitativa por parte de Sr. Pardo Lombao con un total menosprecio y falta de respeto hacia los miembros de la oposición. Así como, el incumplimiento reiterado de los plazos legales en temas económicos y financieros: presupuestos, cuenta general, etc.

En definitiva la utilización de la mayoría absoluta por parte de Sr. Alcalde para hacer una política totalmente partidista, con una falta de respeto a la legalidad y mala gestión de los poderes que ejerce en el desempeño de las funciones que le atribuye la Ley.

Todo ello al amparo de lo establecido en el artículo 4.1.a) de la Ley 7/1985, de 2 de abril Reguladora de las Bases del Régimen Local que dice textualmente que en su calidad de Administraciones Públicas de carácter territorial y dentro de la esfera de sus competencias, corresponde en todo caso a los municipios, las potestades reglamentarias y de autoorganización. En este sentido, el mismo texto legal en su artículo 123.l.d) atribuye al pleno la competencia para la aprobación y modificación de los reglamentos municipales. Ya que en este sentido el Pleno se configura como el máximo órgano de representación política de los ciudadanos en el Gobierno Municipal, lo que le confiere la naturaleza de un verdadero órgano de debate de las políticas locales que afectan al municipio y de adopción de las decisiones estratégicas, así como, de control y fiscalización de los órganos de gobierno.

Por todo lo expuesto, proponemos al Pleno Municipal de Otero de Rey el debate y aprobación de la siguiente moción:

Solicitar al pleno de esta corporación municipal, la creación de una comisión formada por los representantes de los distintos grupos políticos que se encargue de la elaboración de un reglamento orgánico de funcionamiento del pleno del concello de Outeiro de Rei”.

A voceira do grupo municipal de FLI defende a conveniencia da aprobación dun regulamento orgánico poñendo coma exemplo esta mesma sesión, que comenzo tarde porque os concelleiros do PP chegaron con retraso, na que as intervencións do Alcalde son sistemáticamente moi superiores as dos restantes membros da corporación, onde o Alcalde interrompe sempre aos concelleiros que teñen a palabra e dirixe o seu discurso a asuntos que nada teñen que ver co que se está tratando.

Laméntase de que manteña unha conducta de prepotencia e falla de respeto aos concelleiros da oposición, na que se limita e obstaculiza dacote o debate democrático. En definitiva, emprega a súa maioría absoluta para unha mala xestión dos poderes que exerce.

A voceira do grupo municipal do PSOE afirma que non se trata de rebatir á esquerda senón de loitar polos intereses dos veciños.

O voceiro do grupo municipal do BNG comparte o contido da moción presentada por FLI, e a sesión de hoxe permite comprender perfectamente a necesidade dun regulamento orgánico.

A moción propón a redacción de un regulamento con participación de tódolos grupo políticos, proposta coa que é difícil non estar de acordo. O regulamento podería regular aspectos tales coma a convocatoria dos plenos, a fin de que non suceda o que sucedeu no último pleno e polo que hoxe estamos aquí; os tempos de intervención, de xeito que sexan iguais para os voceiros de tódolos grupos, incluído o do Partido Popular, aínda que rematado o debate o Alcalde poida intervir coma tal. Son cuestións que deben estar correctamente reguladas para evitar confusións ou malas prácticas coma sufrimos hoxe.

O Alcalde considera que non ten moito sentido esta moción xa que, casi rematada a lexislatura, se pretende facer un regulamento sobor o funcionamento do Pleno, e sabendo que, entre que se redacta, debate, aproba e entra en vigor, a lexislatura xa rematou.

Infórmalle ao voceiro do BNG que as mocións as poden presentar cando queiran e sen esperar ao último día, e sobre todo as que non son urxentes coma as que se debaten neste pleno. Xa que o tema da N-VI ou dos polígonos se debatiron aquí xa fai anos. E por outra banda, as que son urxentes poden presentalas e, se efectivamente son urxentes, se tratan coma xa se fixo en numerosas ocasións.

Sorpréndese que agora se queixen de que se convocou o Pleno dous ou tres días antes cando sempre se queixan de que se convoca con pouca antelación e non teñen tempo para estudar os asuntos da orde do día. Isto é pura demagogia.

Pode que termine sendo necesario o regulamento orgánico, xa que non sucede en ningures que se adique máis de unha hora de debate a un solo punto da orde do día coma sucedeu neste Pleno. E aínda se queixan de que obstaculiza o debate.

É certo de que os concellos son bastante presidencialistas, pero a lei é así e así se aplica en tódalas entidades locais, como ben coñece o voceiro do BNG na súa condición de deputado na Deputación de Lugo.

Non é certo que non se celebren plenos ordinarios. As sesións ás que fai referencia a voceira de FLI retrasáronse por causas xustificadas pero se celebraron e, neles, os grupos da oposición presentaron as mocións, rogos e preguntas que estimaron oportunas.

Conclúe afirmando que se aplica a lexislación de réxime local, que non é certo que se falle o respecto a ningún e que non ten sentido facer un regulamento para que condicione á próxima corporación.

A voceira de FLI recórdalle que eles están alí para defender os intereses dos veciños e que carecen de cor política.

A Lei 7/1985, de 2 de abril, atribúe aos municipios as potestades regulamentarias e de autoorganización. E si esta moción se presenta agora é porque estamos fartos de que dirixa as sesións arbitrariamente. De que rexeite os escritos presentados polos grupos da oposición para o seu tratamento no pleno.

A intención é que se traten axeitadamente no pleno as demandas que presentan os grupos da oposición, xa que son demandas dos veciños, e si se tratan axeitadamente e se debate con serenidade, poderáse chegar a un acordo e acadar mellores solución para

os problemas de todos os veciños, xa que aquí temos que loitar por todos os veciños, aínda que vostede parece que sólo quere ser o Alcalde da súa maioría.

O voceiro do BNG afirma que o pleno de setembro de 2016 non se celebrou e o seguinte que se fixo foi o de novembro de 2016 que debería celebrarse en todo caso, motivo polo cal deixouse de celebrar unha sesión plenaria ordinaria.

E o pleno de abril de 2017 non se celebrou e o seguinte que se celebrou foi o de xuño de 2017, polo que nese ano tamén deixouse de convocar un pleno ordinario, e iso significa que se lles privou da súa liberdade de presentar as súas propostas nun dos seis plenos ordinarios que se deben celebrar cada ano.

Finalmente, non vale presentar a moción coma de urxencia, xa que os concelleiros teñen o dereito de presentar unha moción e que se debata, e iso sen depender de que o Alcalde esté ou non de humor para tratala.

En tódalas Administracións serias se convocan as sesións máis o menos sempre o mesmo día, e se non se fai así se avisa con antelación. Por este motivo espera que isto non ocorra no futuro, e se ten que convocarse con máis antelación da acostumada, que se avise aos concelleiros para que poidan presentar os escritos que estimen oportunos.

O Alcalde afirma que o único que pretenden os concelleiros da oposición é facer demagogia. O BNG xa presentou en ocasións anteriores mocións de urxencia e quen decide si se trata a moción ou non é o Pleno, coma nas ocasións anteriores. Así que as mocións puideron tratarse.

En relación a FLI, si realmente cree que logo da celebración de este Pleno aínda queren máis flexibilidade, entón si que pode ser necesaria a formulación de un regulamento orgánico para acotar as intervencións. Por outra banda, o que non van a conseguir con ou sen regulamento orgánico, é que se aproben as mocións que presentan si non son convintes para os intereses dos veciños.

E non poden dar leccións de transparencia a este equipo de goberno. E un exemplo delo é o feito de que neste concello fuimos pioneiros na grabación das sesións plenarias para que poidan estar dispoñibles permanentemente a todo o mundo e os veciños saiban qué é o que dí cada quen, e quen minte e quen fai demagogia.

Os concelleiros non soamente non teñen limitados os seus dereitos senón que moitas veces abusan dos seus dereitos. E as dúas veces nas que as sesións plenarias se retrasaron neste ano foi por motivos xustificadas e, trala súa convocatoria como sesión ordinaria, cada un dos grupos da oposición presentou a súa moción que foron debatidas e votadas.

Entende perfectamente que non lles guste o que defende o Partido Popular, pero este goberno seguirá a defender os intereses dos veciños e seguirán a actuar con claridade.

Rematado o debate, sométese a votación a moción.

Realizada a votación, a moción resulta rexeitada con cinco votos a favor e oito en contra, pertencentes aos concelleiros do grupo municipal do Partido Popular.

3.- Proposta do PSdG-PSOE para que a Xunta de Galicia se faga cargo do mantemento dos centros de saúde e se dote a estes centros dos medios e persoal necesario para dar un servizo de calidade á cidadanía

Iníciase o debate coa defensa da moción pola voceira do PSdG-PSOE, quen pon de manifesto o progresivo deterioro da sanidade pública, que se ben está dotada de uns excelentes profesionais, éstos están a sufrir unha constante merma dos recursos dispoñibles e das súas condicións de traballo.

Por outra banda, recorda que no ano 2008, os sindicatos chegaron a un acordo coa Xunta de Galicia, sendo Touriño o seu Presidente, para acadar melloras salariais progresivas de xeito que se acadara a media salarial do conxunto do Estado Español. Cando chegou o sr. Feijoo paralizouse tal proceso de converxencia salarial. Por outra banda, dende o ano 2012 aplicouse o copago farmacéutico, o que supuxo que un 14,76% dos enfermos non recollen as menciñas prescritas por motivos económicos.

A concelleira do PP, dona Begoña Seco, pregunta cál é a fonte da que se extrae esa porcentaxe, e si está confirmado que ese 14,76% non retirou as menciñas por motivos económicos e non por outras causas.

A concelleira do PSOE resposta que si o dí no pleno é que é verdade. Continúa expoñendo a situación de saturación dos hospitais, concluíndo que non existen medios nin organización axeitados.

Tamén recorda que no seu día asinouse un acordo entre a FEGAMP e a Xunta de Galicia gobernada por Touriño para que a Xunta de Galicia asumise o mantemento dos centros sanitarios. O PP pasou de este tema e, pese as reiteradas demandas da FEGAMP, a Consellería de Sanidade non fai ni caso.

Por todo o anterior propón a adopción dos seguintes acordos:

“Instar á Xunta de Galicia a:

- Facerse cargo do mantemento das instalacións por ser competencia autonómica.
- Realizar un informe dos problemas estruturais do edificio do centro de saúde, co compromiso de realizar os arranxos necesarios para poder manter as condicións necesarias para unha correcta atención sanitaria.
- Garantir a correcta atención primaria no Concello de Outeiro de Rei mediante a contratación necesaria de substitutos facultativos de medicina xeral e, de ser o caso, de atención pediátrica, para poder manter o número de profesionais activos no centro de saúde segundo está planificado.
- Acordar co Goberno de España que facilite e axilice os procesos de acreditación de prazas de novo ingreso á formación especializada en pediatría, e dotar dos recursos necesarios a os centros sanitarios e facultade de medicina da USC para que exista a mellor cobertura posible de todo o proceso formativo”.

A concelleira de FLI, dona Juana Romero, afirma que están de acordo coa moción e recorda que no seu programa electoral xa demandaban a ampliación do número de facultativos de atención primaria e a implantación da consulta de pediatría en horario de mañáns de luns a venres.

O concelleiro do BNG, don Xavier Molinos informa que apoiarán a moción do PSOE xa que está a pedir que o centro de saúde de Outeiro de Rei pase a estar adscrito á Consellería de Sanidade, quen de este xeito asumirá consecuentemente os custes de mantemento e, ao tempo, que se dote ao centro de persoal suficiente para prestar un servizo cun mínimo de calidade. É obvio que dita moción debe apoiarse.

Por outra banda, a mellora da atención primaria redonda nun mellor funcionamento da rede hospitalaria.

Afirma que estos días o personal sanitario está a saír á rúa, non a demandar unha suba salarial, senón medios suficientes e máis persoal para poder prestar un servizo de calidade. Afirman que están saturados, que existen carencias de medios e de organización, e o propio Feijoo recoñece agora que existen graves carencias.

Non entenden cómo, a día de hoxe, o centro de Outeiro é o único centro que non está transferido no centro de Lugo. O último era Baralla e foi transferido no verán.

Puntualiza que a petición relativa á contratación de substitutos debería extenderse tamén para o personal de enfermería.

Remata afirmando que a Universidade debe preveer máis plazas para médicos e para o MIR, xa que non ten sentido crear máis centros se non se forma ao personal necesario.

A Concelleira do grupo municipal do PP, dona Begoña Seco afirma que o proceso de transferencia de centros vaise facendo paulatinamente. No que atinxe ás retribucións do personal sanitario, estase a establecer a carreira profesional dos facultativos (comenzouse o ano pasado) e estase a implantar na actualidade.

En relación ao terceiro punto (o relativo a problemas estruturais do edificio), no concello descoñecen a existencia de tales problemas, e solicita á concelleira do PSOE que aclare cáles son ditos problemas estruturais.

A concelleira do PSOE aclara que non dí que haxa problemas estruturais, pero que deberían facerse revisións por si os houbera.

A concelleira do PP afirma que xa se fan e que non hai tales problemas estruturais.

En relación ao servizo de pediatría, ésta é unha reivindicación do concello dende fai tempo, pero o problema radica e que a día de hoxe non hai pediatras dispoñibles, polo que non pode ampliarse o horario polo de pronto.

Engade que a atención primaria estase a prestar axeitadamente en Outeiro de Rei e, finalmente, dende a Xunta de Galicia xa se cursou ao Ministerio unha solicitude de ampliación do número de plazas na facultade de Menciña da universidade de Santiago de Compostela. Cuestión aparte é que os médicos que alí se formen acougen na Comunidade.

O concelleiro do BNG lamenta que a día de hoxe o que hai é máis copago e máis lista de espera, e quen está a pagar o suministro de electricidade e a calefacción do centro médico é o Concello, o que implica unha vía de escape de recursos municipais. De feito, a día de hoxe existe unha funcionaria municipal que está a prestar alí as súas funcións e que, de transferirse o centro reubicaríase no concello e podería reforzar outros servizos municipais.

Pode que no haxa problemas estruturais, pero é certo que o edificio é moi alto e custa moito quentalo; que as fiestras non aíllan ben ou que en certas salas cando chove xurden filtracións de auga, e este tipo de amaños debería afrontalos a Consellería, e non o Concello.

O número de facultativos está na media de Galicia, con tres médicos e tres enfermeiros, pero o pediatra soamente ven o venres, a diferenza de Cospeito ou Castro de Rei, onde vai dous días á semana.

Así, Castro de Rei, con 5011 habitantes e 435 menores de 0 a 15 anos, ten dous días de atención pediátrica.

Cospeito, con 4596 habitantes e 332 menores de 0 a 15 anos, ten dous días de atención pediátrica.

Pola Contra, Outeiro de Rei, con 5093 habitantes e 571 menores de 0 a 15 anos, soamente ten un día de atención pediátrica á semana.

Con casi douscentos rapaces máis que Cospeito, ten a metade de servizo. Polo tanto é necesario ampliar a atención actual para evitar que os pais e nais teñan que trasladarse aos concellos da contorna salvo os venres.

En relación a que non hai pediatras, recorda que na provincia de Pontevedra (A Garda, A Lama ...) a xente movilizouse a apareceron os pediatras.

A concelleira do PP insiste en que o Concello solicitou a ampliación da atención pediátrica que a Xunta está nelo, e entende que a distribución actual do servizo de pediatría fíxose nun tempo onde o Concello de Outeiro de Rei tiña menos cativos.

O Alcalde recorda que o edificio -que non o fixo o concello senón a consellería de sanidade- tivo un premio do Colexio de Arquitectos de Galicia, polo tanto tan malo non será.

Polo que se refire ás humidades, fai un tempo un canalón desprazado produxo goteiras, tralo que se arranxou. Descoñece se sigue a dar problemas. En calquer caso, iso forma parte do mantemento ordinario do edificio.

En relación ao traspaso do edificio á consellería, pode que se faga algún día, pero non é tan doado coma pretenden facer ver, xa que si o concello ten alí un conserxe e o retira o centro queda sen conserxe, xa que a Consellería non prevería dita praza (nin a do PP nin do PSOE), polo que o servizo perdería calidade. Así que non soamente debe pensarse en aforrar, senón tamén en dar un bo servizo aos veciños.

Ademáis, nese edificio o Concello, e baixo a coordinación do conserxe municipal, está a prestar outros servizos coma o dirixido aos maiores "coida os teus pés".

En relación ao servizo de pediatría e os concellos limítrofes, a diferente evolución demográfica explica que, a día de hoxe, a algúns concellos sóbralle servizo mentres a outros lles falta. Pero iso tense que correxir e se está traballando nelo.

E non pode falarse de recortes sen explicar previamente que traen causa directa de que o Goberno do PSOE de Zapatero levou o país á ruína, cun déficit anual de 100.000 millóns de euros namentres decía que España estaba na Champions League da economía. Para levantar esa situación houbo que adoptar medidas, e gracias a elas pudimos remontar até onde estamos hoxe. E tampouco pode falar de recortes na sanidade galega a concelleira dun partido que pretende levar todos os cartos para Cataluña, a costa dos cidadáns galegos.

Non obstante, están dispostos a aprobar a moción si o que solicita é que a Consellería estabreza máis horario de pediatría no concello.

O Alcalde preguntalle á concelleira do PSOE si acepta a emenda de substitución.

A concelleira resposta que sí, pero que esa proposta foi presentada no mes de novembro e o grupo municipal do PP votou en contra.

O Alcalde afirma que ésta é unha demanda que trasladaron reiteradamente á consellería, pero o que non se pode pretender é que, si non hai pediatras, se asignen igualmente, ou que se lles quiten a outros concellos. Non obstante, a día de hoxe a ampliación é necesaria e por tal motivo se presenta e emenda de substitución.

Remata afirmando que no seu día se transferirá o centro de saúde, pero isto será cando se garantice que se manterá o nivel de servizos actual.

Rematado o debate, sométese a votación a proposta presentada polo PSdG-PSOE coa emenda de substitución presentada polo PP.

Realizada a votación, a proposta resulta aprobada pola unanimidade dos membros presentes.

E non habendo máis asuntos a tratar, o Alcalde levanta a sesión sendo as dezaseis horas e dez minutos, da que eu, Secretario, extendo a presente acta co visto e prace do Alcalde

O Secretario

VºPº; O Alcalde